

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A BAÑA

*Informe proposta modificación Ordenanza áreas recreativas*

#### ANUNCIO

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA QUE REGULA O USO E A XESTIÓN DAS ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DA BAÑA.**

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria realizada o día 9 de abril de 2025, de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, **acorda**, por unanimidade dos membros de dereito da Corporación, aprobar o ditame da Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno, con data do 4 de abril de 2025, que deseguido se transcribe, en todos os seus termos:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA ASUNTOS DO PLENO RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA QUE REGULA O USO E A XESTIÓN DAS ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DA BAÑA**

**Expte TEDEC: 2025/G006/000040 (Proposta).**

**Expte. TEDEC: 2025/G012/000003 (Comisión Informativa)**

**Expte. TEDEC: 2025/G010/000002 (Pleno)**

*Vista a Ordenanza que regula o uso e a xestión das áreas recreativas do Concello da Baña:*

- *Publicación provisional: 08/08/20213 BOP nº 150*
- *Publicación definitiva: 23-09-2013, BOP nº 181*
- *O 20/11/2019 O Pleno do Concello aprobou inicialmente a modificación da ordenanza que regula o uso e xestión das áreas recreativas do Concello da Baña.*
- *Por Resolución da Alcaldía nº 37/2020 con data do 05/02/2020 elévase a definitivo o acordo de aprobación da modificación de dita ordenanza municipal que regula o uso e xestión das áreas recreativas do Concello da Baña, incluíndo un novo parágrafo ao artigo 6, que quedaba redactado do seguinte xeito:*

**“Artigo 6**

*Poderán usar as áreas todas aquelas persoas que así o desexen e que cumpran as normas esixidas pola presente ordenanza. As áreas terán un uso comunitario por cantas persoas usuarias así o desexen e cumpran as normas esixidas pola presente ordenanza mais terán preferencia as persoas empadroadas neste Concello.*

*Para o uso da área recreativa de Chans e para garantir o cuidado do espazo público.*

*establécese unha fianza de 50,00 €.”*

*Examinada por parte desta Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:*

- *O señor Alcalde, don José Antonio Pereira Gil explica as modificacións introducidas na ordenanza e engade que posiblemente se vaian a facer máis modificacións co tempo para resolver os problemas que vaian xurdindo ao respecto.*
- *O concelleiro do grupo popular, don José Andrés García Cardeso, considera que hai que mellorar o procedemento das solicitudes de reserva para que non existan problemas pola orde de reserva e á hora na que queda rexistrada.*
- *Debaten sobre si se debe incluír só sede electrónica ou só rexistro ou ambas.*
- *Mónica, Concelleira do Bloque Nacionalista Galego, considera que hai xente que ten dificultade para facer os tramites na sede electrónica e Andrés ve vantaxes na reserva por sede electrónica pola obrigatoriedade dos 15 días. Finalmente deciden non facer ningún cambio sobre a proposta da modificación.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento o réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, por unanimidade, o seguinte:

**Primeiro:** Proceder á modificación do artigo 6 de dita ordenanza que regula o uso e a xestión das áreas recreativas do concello da Baña que quedaría redactado do seguinte xeito:

“Artigo 6.

Poderán usar as áreas todas aquelas persoas que así o desexen e que cumpran as normas esixidas pola presente ordenanza. As áreas terán un uso comunitario por cantas persoas usuarias así o desexen e cumpran as normas esixidas pola presente ordenanza mais terán preferencia as persoas empadroadas neste Concello.

Para o uso da área Recreativa de Chans, para o seu uso e para garantir o coidado do espazo público, establécese unha fianza de 50,00 €.

Ademais están obrigadas ao pago dunha taxa de alugamento de 50,00 € as persoas que soliciten utilizar as instalacións da área recreativa de Chans e non estean empadroadas no Concello da Baña. Estarán exentas do pago da taxa de alugueiro as persoas que si figuren no padrón municipal da Baña.

A liquidación da fianza e da taxa de alugamento efectuarase en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta.”

**Segundo:** Someter dita Ordenanza municipal, coa modificación do artigo 6, á información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente publicar o texto da Ordenanza municipal no portal Web do Concello [www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. alcalde-presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

A Baña, 11 de abril de 2025

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

2025/2386